

## TÍTULO VII.- SUBVENCIONES

### CAPÍTULO 1º.- NORMAS XERAIS

#### BASE 52ª.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

As presentes normas serán de aplicación a toda clase de axudas e subvencions cuxa xestión corresponda na súa totalidade ao Concello de Arzúa.

Entenderase por axuda ou subvención toda disposición gratuíta de fondos municipais que se outorgue con cargo ao orzamento xeral do Concello a favor de persoas ou entidades públicas ou privadas, para fomentar unha actividade de utilidade ou interese social ou para promover a consecución dun fin público ou que, en xeral, contribúa ao desenvolvemento dos intereses peculiares do municipio.

En aplicación do artigo 9.2.a) do RD 500/90, sinalanse na base seguinte as subvencions que o Concello de Arzúa consigna nominativamente nos seus orzamentos. En todo o demais, de acordo co disposto no artigo 9.3 do RD 500/90, estas bases de execución remítense ao regulado na Ordenanza xeral de subvencions aprobada polo Pleno da Corporación.

#### BASE 53ª.- SUBVENCIONES NOMINATIVAS

A través da presente base de execución do orzamento establécense como subvencions nominativas, cunha porcentaxe máxima de financiamento do 100% ata o límite cuantitativo establecido na seguinte táboa, as seguintes:

BENEFICIARIO	IMPORTE	FINALIDADE	APLICACIÓN ORZAMT.
Asociación Sociocultural Nosa Sra do Carne	12.500	Organización Festa Parroquial	338.480.00
Asociación sociocultural Cutinocho	2.000	Organización Festa dos Botes	338.480.00
Asociación Amigos do Cabalo O Estribo	5.500	Organización Feira do Cabalo	439.489.00

Asociación Festa da Gaita	2.300	Actividades exaltación da cultura e tradición galegas	338.480.00
Agrupación de defensa sanitaria Terras do Queixo	1.000	Gastos de funcionamento	410.480.00
IES Arzúa	1.000	Viaxes e proxectos formativos educativos	321.480.00
CEIP Arzúa	600	Viaxes e proxectos formativos educativos	321.480.00
Colexio Nosa Sra. Atocha	400	Viaxes e proxectos formativos educativos	321.480.00
Asociación de Empresarios da Comarca de Arzúa	3.000	Promoción do comercio en Arzúa	431.480.00
Asociación Socio-educativa Antonio Gandoy	1.684,40	Actuacións socio-educativas e atención á infancia, especialmente no ámbito rural	231.480.00
ASOCIACION PROTECTORA ANIMAIS DO CAMIÑO APACA	4.000	Actividades de protección e acollemento animais abandonados	311.480.00
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS O CRUCEIRO SANTA MARAI	2.000	Actividade "Queima do Castelo"	
Asociación AMARAY	2.500	Gastos xerais funcionamento Axuda transporte CRD Amarai	231.480.00
Hijas de Santa María de la Providencia	700	Acción social	231.480.00

Para a tramitación de subvención nominativas con cargo ao orzamento municipal requírese que o beneficiario aporte, con carácter previo á concesión, a seguinte documentación:

- 1.- Memoria das actividades a realizar e calendario das mesmas
- 2.- Orzamento de gastos e ingresos da actividade, que incluíra coa maior desagregación posible:

- Gastos de personal
- Gastos correntes en bens e servizos orixinados directamente pola actividade . Non se financiarán gastos correntes de funcionamento da entidade tal como gastos telefónicos, gastos en enerxía eléctrica, material de oficina, etc que non sexan orixinados directamente pola actividade a financiar, extremo este que deberá xustificarse en todo caso.
- Orzamento de ingresos da actividade, con indicación das fontes de financiamento.

O importe máximo de axuda que se concederá será o consignado para tal finalidade nos orzamentos municipais e especificado nas bases de execución do orzamento.

A tramitación esixirá a sinatura dun convenio entre o Concello de Arzúa e o beneficiario da axuda, que terá o carácter de bases reguladoras da concesión, de conformidade co artigo 65 do Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento de subvencións. No dito convenio concretarase a definición do obxecto da axuda e crédito orzamentario ao que se impute o gasto, réxime xurídico aplicable á subvención, obrigas que se establecen para o beneficiario en relación á subvención, prazos e xeito de pagamento da subvención e requisitos e réxime de xustificación dos gastos. O convenio será aprobado polo órgano competente para a concesión da axuda.

O prazo para a xustificación das axudas rematará o día 30 de novembro. Dendo o 30 de novembro ata finais do exercicio orzamentario realizaranse as actuacións tendentes ao recoñecemento da obriga e pagamento correspondente.

Os servizos municipais que xestionen as subvencións tramitarán o requirimento a que se refire o artigo 70.3 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións para o suposto de que remate o prazo de xustificación de axudas sen que a dita xustificación se efectúese.

Só se concederá unha axuda por parroquia para a organización das festas patronais. O feito de que figuren nos orzamentos municipais desta forma non significa que o beneficiario teña dereito á súa percepción, se non, unicamente, o importe máximo de subvención que pode outorgarlle o Concello. En todo caso, será necesaria a adopción de acordo ou resolución (convenio) polo órgano competente que estableza a contía e as condicións nas que se concrete a subvención.

Tramitaranse como subvención directa as aportacións anuais, realizadas polo Concello de Arzúa como membro socio das seguintes asociacións, segundo resulte dos respectivos acordos ou convenios de adhesión:

BENEFICIARIO	IMPORTE	FINALIDADE	APLICACIÓN ORZAMT.
Federación Galega de Municipios e Provincias	264	Cota afiliación	920.480.01
Federación Española de Municipios e Provincias	350,13	Cota afiliación	920.480.01
Museo do Pobo Galego	110	Socio	331.480.01

		Colaborador	
Mesa pola Normalización Lingüística	901	Socio Colaborador	331.480.01
EMUGA	84	Cuota de socio	339.480.01
Mancomunidade de Municipios do Camiño Francés	5.100	Aportación anual á Mancomunidade	336.463.00

#### BASE 54ª.- COMPETENCIA

As subvencións non nominativas outorgaranse baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxetividade, logo do cumprimento das normas reguladoras para a concesión de subvencións que regula a Lei 38/2003 xeral de subvencións, e Real decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións, e Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Nas subvencións de concorrencia competitiva o órgano competente para a aprobación da convocatoria de axudas, así como para a concesión das mesmas será a Xunta de Goberno Local.

Para as subvencións nominativas e aquelas outras que se outorguen mediante o sistema de concesión directa, o órgano competente para o seu outorgamento será o alcalde-presidente, cando a contía das mesmas, individualmente considerada non exceda de 6.000 €.

#### BASE 55ª.- XUSTIFICACIÓN DO EMPREGO DAS ASIGNACIÓNS A GRUPOS POLITICOS MUNICIPAIS

De conformidade co establecido no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Pleno da Corporación asignou a cada grupo político municipal unha dotación económica, cun compoñente fixo para cada grupo e outro variable en función do número de membros adscritos ao grupo.

Conforme á normativa citada, os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación que poñerán a disposición do Pleno da Corporación sempre que este o pida, e a dita asignación non poderá ser destinada á remuneración de persoal de calquer tipo ao servizo de corporación nen á adquisición de bens que poidan constituir activos fixos de carácter patrimonial.

Coa finalidade de facilitar o cumprimento deste acordo, establécense as seguintes normas:

1º.- Os grupos políticos municipais deberán dispor dun NIF propio do grupo, e facilitarán unha conta bancaria propia na que se rexistrarán os ingresos da dotación, así como os pagamentos efectuados con cargo á mesma.

2º.- Calquer gasto efectuado con cargo a esta dotación deberá estar respaldado coa correspondente factura (ordinaria ou simplificada, segundo proceda de conformidade do Real decreto 1619/2012 do 30 de novembro, polo que se aprroba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación). Os grupos deberán conservar a documentación xustificativa e rexistros contables durante un período mínimo de catro anos.

3º.- Os fondos destinaranse á realización de actividades e servizos como alugamentos, material ordinario non inventariable, comunicacións telefónicas, transportes, estudos e traballos técnicos, publicidade, traballos profesionais, etc . En todo caso serán gastos ocasionados con motivo da función propia do grupo político municipal dentro da Corporación.

4º.- A xustificación dos fondos efectuarase nos dous primeiros meses de cada exercicio, e

estará referida á contabilidade do exercicio inmediato anterior, agás no caso de primeira xustificación a cal se referirá a todas as anualidades non xustificadas ata o momento. A xustificación dos fondos obtidos no último ano do mandato deberá xustificarse antes da finalización do mandato.

A documentación xustificativa presentarse no Rexistro xeral do Concello e posteriormente será remitida á Intervención municipal coa finalidade de que esta emita un informe a cerca do cumprimento do marco normativo que regula esta asignación, así como do establecido na presente base de execución. Do dito informe darase conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre con posterioridade a súa emisión.

Admitiranse como xustificación dos gastos a declaración responsable de cada portavoz, da aplicación dos fondos recibidos ás finalidades descritas anteriormente e previstas na normativa de aplicación. A declaración responsable efectuarse no modelo facilitado pola intervención municipal e nela relacionaranse os conceptos, importes e demais datos dos xustificatnes dos gastos realizados, que deberán importar como mínimo o importe anual da dotación recibida, e na mesma farase constar expresamente que os gastos están vinculados exclusivamente á actividade propia do grupo municipal dentro da Corporación. No suposto de que non se xustifique a totalidade dos fondos percibidos esixirase ao reintegro das cantidades sobrantes.

O libramento dos fondos aos grupos políticos efectuarase con periodicidade semestral, nas contías mensuais que foron aprobadas polo Pleno da Corporación.